



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN  
OURENSE

LIBRO XERAL SAIDAS

Num. Rexistro: 2023004945

Data: 14-02-2023 12:45



14611734445373365354

Copie

En contestación á petición de data de xaneiro sobre “ Plan EmergOU” indicarle que como se avanzou na declaración aprobada na Xunta de Goberno do pasado luns día 23, a Deputación de Ourense traballa no deseño dunha nova ferramenta para seguir aprofundando na colaboración interadministrativa. Neste caso, co obxectivo de canalizar unha resposta aínda máis áxil e eficaz ante situacións de emerxencia ou catástrofes, desta volta enfocada nas necesidades dos concellos afectados polas recentes inundacións.

O deseño do plan EmergOU abrangue medidas coma aportar toda a maquinaria e persoal necesaria para a reparación das consecuencias dos danos sufridos; achegar os equipos técnicos de avaliación para estudar a petición de posibles axudas; un comité de traballo para analizar accións que mitiguen os efectos de futuras incidencias; e o estudo de liñas de axudas económicas extraordinarias.

Esta iniciativa está perfilada co obxectivo de atender ás necesidades dos concellos e veciños dun xeito tan eficiente como coordinado co resto de administracións implicadas. E se suma a outras iniciativas postas en marcha neste ámbito polo goberno provincial dentro da cooperación interadministrativa, con fitos coma a blindaxe do mapa de emerxencias, o plan da seca ou a colaboración directa con maquinaria e capacidade loxística na loita contra os incendios forestais.

Ourense, 10 de febreiro de 2023

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.